

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA  
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS  
DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2018**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitútese en sesión ordinaria ás 12:45 horas do xoves día 22 de novembro de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Execución do presuposto de 2018
4. Asignación de becarios da Escola
5. Convocatoria e orde do día da próxima Xunta de Escola
6. Quenda aberta de palabra

**ASISTEN OS SRES:**

**PROFESORES**

Baldomir García	Aitor
Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	M <sup>a</sup> Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Ramírez Palacios	Luis
Samper Calvete	Francisco Javier

**ESTUDANTES**

Alonso Rodríguez	Pablo
Benavides Cabezas	Iván
Vázquez Varela	Miguel Ángel

**PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Cruz Viqueira	M <sup>a</sup> Pilar
---------------	----------------------

**EXCUSAN**

Herrador Barrios	Manuel F.
Pena Mosquera	Luis
Romera Rodríguez	Luis Esteban

Preside a sesión o Dr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Dr. Luis Ramírez

**1. Aprobación de Actas**

Apróbase a acta da sesión ordinaria celebrada o 17 de setembro de 2018.

**2. Informe do Director**

O Director comeza o seu informe falando das diferentes iniciativas que se están levando a cabo, entre elas destaca a creación dun calendario público e dun portal de emprego e prácticas, a realización de visitas tanto á Escola como ao CITEEC por pare de alumnos de institutos e a realización de visitas ao CITEEC por parte dos estudantes da Escola. Continúa indicando a organización dun curso de BIM, tanto para estudantes como para profesores, e a realización duns posters dos mellores TFG/TFM que estarán expostos para o acto de despedidas promocións.

O Director continúa o seu informe falando da matrícula a data de 22 de novembro. Nos graos matriculáronse 29 alumnos en cada un dos graos. No caso do MICCP a matrícula segue aberta, pero xa hai 22 matriculados.

O Director informa que se obtiveron os Selos de Calidade Internacional EUR-ACE para ámbolos dous graos, sen prescricións e cunha validez de 6 anos. Segundo a ANECA este selo de calidade ten validez para os alumnos que remataron os seus estudos de grao un ano antes da data de solicitude, é dicir, con data posterior ao 5/12/2016. O Secretario preparará un certificado aos egresados que certifique o Selo de Calidade. O Director informa que se solicitou por parte da Universidade o Selo EUR-ACE para o MICCP.

Respecto aos Programas Integrados, o Director indica que hai unha comisión formada por tres Reitores para propor unha modificación do RD 1393/2007 e así poder ofertar este tipo de programas.

**3. Execución do presuposto de 2018**

O Director presenta o documento de execución de presuposto con data 16 de novembro de 2018, vai detallando o gasto de cada unha das aplicacións. A execución de este ano foi complexa polo cambio da lei en marzo. Ademais, houbo cambios no Persoal de Administración e Servizos e dos responsables de servizos económicos e da administración do centro. O Director solicita que conste o agradecemento ao servizos económicos e a administración da Escola.

**4. Asignación de becarios da Escola**

A proposta foi elaborada polo profesor Luis Pena tendo en conta as preferencias dos estudantes e repartindo entre todos os laboratorios.

Apelidos e Nome	1ºC	2ºC
Cachaza Gestal, Aída	Estructuras	Portos e Costas
Soto Méndez, Noel	Numérico	Hidráulica
Cochón Barral, Sara	Construcción	Enx. Terreo

Apróbase

#### **5. Convocatoria e orde do día da próxima Xunta de Escola**

O Director fai unha proposta de orde do día para a próxima reunión ordinaria da Xunta de Escola. A data da reunión será o mércores 5 de decembro. O profesor Alfonso Orro suxire engadir un punto do día onde se indiquen o estado das actuacións da Comisión de Estudo e Avaliación Estratéxica. Acórdase engadir a proposta e apróbase o seguinte orde do día

1. Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior.
2. Informe do Director.
3. Premios Extraordinarios Fin de Carreira.
4. Quinquenios docentes de profesores da Escola.
5. Elección dun representante na Fundación da Enxeñería Civil de Galicia.
6. Estado das actuacións da Comisión de Estudo e Análise Estratéxico.
7. Quenda aberta de palabra.

#### **6. Quenda aberta de palabra**

No hai intervencións.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:15 do 22 de novembro de 2018.

**Vº. Bº.**  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Luis Ramírez Palacios**  
**Secretario Académico**